

ANEXO VIII

Vacantes	Código	Sede inspección
-	15990026	Inspección da Coruña
2	15990027	Inspección de Ferrol
-	15990028	Inspección de Santiago de Compostela
2	27990031	Inspección de Lugo
1	32990034	Inspección de Ourense
3	36990037	Inspección de Pontevedra
5	36990038	Inspección de Vigo

Orde do 12 de novembro de 2009 pola que se modifica a Resolución do 14 de setembro de 2009 pola que se fixeron públicas as adjudicacións definitivas de destino para o curso académico 2009-2010, entre profesorado dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticas e catedráticos e profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, catedráticas e catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor que tivo aprazamento da fase de prácticas e non a superou, a interinas, interinos, substitutas e substitutos e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Pola Orde do 12 de xuño de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 19 de xuño) ditáronse normas para a adjudicación de destino provisional para o curso académico 2009-2010, entre profesorado dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticas e catedráticos e profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, catedráticas e catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultasen desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle concedeu unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor que tivo aprazamento da fase de prácticas e non a superou, a interinas, interinos, substitutas e substitutos e ao persoal funcionario de carreira que solicitase o reingreso no servizo activo.

Publicada a Resolución do 14 de setembro de 2009 (DOG do 17 de setembro), da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve a adjudicación de destino provisional para o próximo curso académico 2009-2010, entre profesorado dos corpos de catedráticos e de profesorado de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticas e catedráticos e profesorado de escolas oficiais de idiomas, profesorado de música e artes escénicas, catedráticas e catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal que se lle concede unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación familiar, ao persoal opositor que tivo aprazamento da fase de prácticas e non a superou, a interinas, interinos, substitutas e substitutos e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo.

Ante as solicitudes presentadas polo profesorado que se relaciona no anexo, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

RESOLVE:

Primeiro.-Modificar a adjudicación de destinos provisional para o curso académico 2009-2010, publicada na resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 14 de setembro de 2009 e adjudicarlles destino provisional para o curso académico 2009-2010 aos profesores que figuran no anexo desta resolución nos centros e especialidades que alí se especifican.

Segundo.-De acordo coa Resolución do 14 de setembro de 2009, para os profesores interinos que teñen nomeamento, na Comunidade Autónoma de Galicia, durante o curso académico 2008-2009, a toma de posesión terá efectos económicos e administrativos do día inmediatamente posterior ao do seu cesamento.

Terceiro.-Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o concelleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria